

# Sopa de cangrexo

Por VÍCTOR CAAMAÑO RIVAS

Os meus días de infancia de mellores recor-dos, alá polos anos sesenta, trascorren na Fanteira. Os invernos no monte, daquela todavía presente, e os veráns na praia ou mellor dito, no mar. Os que coñezades esta zona da enseada saberedes que na Fanteira as baixamarés para un neno resultan impres-ionantes; podes ir camiñando ata o Facho sen mollar case o bañador. Cunha francada colliamos sollas, xibas e lenguados, cun truel ou unha artebrava camaróns e chopiños e cun rente angúias; un menú do máis saboro-so e variado.

As pleamarés estaban destina-das ós agradables e refrescantes baños; por suposto que agardando as tres horas de dixestión recomendadas polos bos costumes que imperaban naquela época. Cando as condicións atmosféricas non permitían estas frivolidades recorriamos a algunha enxeñiosa alternativa. Unha boa opción era a pesca de cangrexos. Arrin-babamos mexillóns das paredes do peirao, machacabámolos cunha pedra e arroxabámolos ó fondo do mar para atraer ás nosas vícti-mas. Logo

un cordeliño e un mexillón que faría as veces de engado serían suficientes. Pasaban os minutos e as presas iban caendo. A captura era moi dourada. Iamos acumulando os cangre-xos nalgúnha lata oxidada traída polo mar. Agora que o penso, naquela época os envas-es de plástico non eran tan abundantes coma na actualidade.

¿Sabedes?; de pequeno os rapaces non somos ecoloxistas, pero é cando más con-seguimos integrarnos na natureza e disfrutar dela. Fago esta puntualización, a modo de disculpa, pois o destino que lle agardaba ás nosas víctimas non resultaría moi xustificable baixo a óptica ambientalista actual, pois con eles facíamos unha especie de sopa. Nunha pequena fogueira cociámolos con auga salgada na mesma lata. Por suposto que non os comíamos, pero teño que dicir que o aroma con esencias a marisco que desprendían durante a cocción resul-taba sumamente agradable. Anos máis tarde, xa como cabo da División Aco-razada Brunete, as reminiscencias deses aromas retornarian á miña memoria cando disfrutaba dunha paella no Paseo da Castellana.


Desta apaixonante etapa da miña vida en contacto coa natureza resultaron encon-tros con moitos seres descoñecidos no seu momento, pero que deixarían a súa imaxe gravada na miña memoria. Un par de lustros máis tarde, conforme os meus coñecementos do medio natural foron acre-centándose e o estudio da natureza con-vertiuse nunha paixón, foi cando moitas desas imaxes do recordo atoparon os seus verdadeiros nomes.

Cando nos introducimos con profundidade nun campo de coñecemento conseguimos





GONZALEZ GURRIARÁN, EDUARDO  
MENÉNDEZ G., MATILDE  
**Crustáceos decápodos  
das costas de Galicia  
I. Brachyura**  
Edicións do Castro, Sada, 1985  
256 p.; 17x24 cm; rústica  
ISBN: 84-7492-242-9  
7,81 euros



FALCIAI, LUCÍA  
MINERVINI, ROBERTO  
[FORTES FORTES, MARÍA JESÚS] TR.  
**Guía de los crustáceos  
decápodos de Europa**  
Ediciones Omega, S.A., 1995  
304 p.; 20x14 cm  
ISBN: 84-282-0976-6  
29,81 euros

*Nos mares galegos  
viven más de setenta  
especies diferentes  
de cangrexos;  
algo más que  
nécoras, bois,  
centolas e pateiros.*

discernir gran cantidad de aspectos e detalles que para o profano na materia pasarán desapercibidos. Por exemplo, retomando a historia dos cangrexos, pensade que a maioria da xente ignora que nos mares galegos viven más de setenta especies diferentes deles; algo más que nécoras, bois, centolas e pateiros. Precisamente este artigo vai dirixido a aquelas persoas que queiran coñecer de cerca o mundo dos nosos crustáceos ou que simplemente desexen ampliar os seus coñecementos sobre a nosa natureza.

Transcorria o ano 1985 cando Edicións do Castro publicou un bo libro para coñecer todo sobre os cangrexos galegos. Aínda recordo o momento, sendo estudiante de Bioloxía en Santiago, no que entrei nunha librería e preguntei:

— ¿Teñen o libro *Crustáceos decápodos das costas de Galicia*?

A resposta do libreiro foi:

— Queeeeeeeeh...!

Menos mal que non fixen referencia a que me refería ós decápodos do grupo *Brachyura*.

A pesar do tempo transcorrido desde a súa aparición a vixencia desta obra está fora de toda dúbida. Conta cuns exactos e fermosos debuxos que nos axudarán á identificar as diferentes especies. Ademais o texto

contén unhas descripcións moi completas que xunto ás numerosas fotografías en branco e negro fan que a determinación de cangrexos se convierta nunha tarefa doada, agradable e suxerente.



Por certo, cando falo de decápodos estoume a referir ós crustáceos que teñen dez patas, incluídas as pinzas. Non só os cangrexos teñen este número de extremidades marchadoras, como lles denominan os entendidos na materia, senón tamén os camaróns, as cigalas, as gambas ou os ermitáns son decápodos aínda que a súa morfoloxía non se corresponda coa dos cangrexos. Se quixerades profundizar no coñecemento do grupo podeis recorrer a un libro que leva por título, *Guía de los crustáceos decápodos de Europa*. Foi editado por Omega no ano 1995 e como outras guías desta mesma editorial, amosa unha presentación e calidade exquisitas. Precisos debuxos en branco e negro, ilustracións a toda cor verdadeiramente preciosas xunto a descripcións e claves das familias dos decápodos permitiránns recoñecer doadamente as diferentes especies presentes nas nosas augas.

Ben, e remato pedindo novamente disculpas, esta vez ós meus compañeiros do Colectivo Ecoloxista polo salvaxe comportamento na miña infancia pois confeso que tamén facía sopa de medusa.

